



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 30/08/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de febreiro do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 05/11/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 2 de setembro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2639

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 30/08/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Maio de 2024 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 05/11/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 2 de setembro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2640

BURELA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar na Concelleira de Cultura Lina Gómez Pardo a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Javier Rodríguez Gómez e Laura García Fernández, que se celebrará o día vinte e catro de agosto do dous mil vinte e catro, ás 13:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 5 de setembro de 2024.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2641

Anuncio

MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BURELA

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que esta Alcaldesa se vai atopar ausente, por vacacións, dende o día 28 de agosto até o día 4 de setembro de 2024, ambos incluídos, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no Primeiro Tenente de Alcaldesa, Mario Pillado Mon, desde o 28 de agosto ata o 4 de setembro de 2024, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase traslado ao Primeiro Tenente de Alcaldesa e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Burela, 5 de setembro de 2024.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2642

AS NOGAIS

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de As Nogais en data 5 de setembro de 2024 adoptou Decreto que di: Delegar no concelleiro don Fernando Rodríguez González a celebración do matrimonio entre don Marcos Alba González, titular do DNI número ***7341** e dona Vanesa Díaz López, titular do DNI número ***7834**, a celebrar o día 7 de setembro de 2024 nesta Casa Consistorial do Concello de As Nogais. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

As Nogais, 5 de setembro de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2643

RIBADEO

Anuncio

PREZO PÚBLICO FESTA DO XUBILADO

Con data 27/08/2024, segundo a posibilidade prevista no artigo 47.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadeo adoptou acordo de fixación de prezo público concreto, en desenvolvemento da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES, de acordo co seguinte.

Prezo Público celebración Festa do Xubilado.....15,00 €

Segundo. *Publicar o presente acordo e o importe dos prezos públicos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, entrando en vigor a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación no BOP.»*

Contra o acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde a publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no art. 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente

Ribadeo, 4 de setembro de 2024.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2644

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.I en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2024 de aprobación dos expedientes de modificación de créditos de crédito extraordinario CE 1/2024 Residencia e suplementos de crédito SC 1/2024 Residencia. SC 2/2024 Residencia SC 3/2024 Residencia da Residencia de Anciáns "Nuestra Sra. Del Carmen" e os expedientes de crédito extraordinario CE 1/2024 e suplementos de crédito SC 1/2024, SC 2/2024 e SC 3/2024 do Concello de Sarria, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de ditos expedientes, o resumo por capítulos dos orzamentos para 2024, da seguinte forma:

Concello

Estado de Ingresos

Cap. 1	Impostos directos	4.395.000,00 €
Cap. 2	Impostos indirectos	342.664,61 €
Cap. 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.604.500,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	5.903.606,24 €
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	400,00 €
Cap. 7	Transferencias de capital	889.015,95 €
Cap. 8	Activos financeiros	2.922.782,13 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	615.309,22 €
	TOTAL	18.673.278,15 €

Estado de Gastos

Cap. 1	Gastos de persoal	5.976.087,04 €
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	9.079.178,63 €
Cap. 3	Gastos financeiros	124.797,92 €
Cap. 4	Transferencias correntes	486.309,04 €

Cap. 5	Fondo de continxencia e ouros imprevistos	4.754,85 €
Cap. 6	Investimentos reais	2.684.354,22 €
Cap. 7	Transferencias de capital	20.718,66 €
Cap. 8	Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	288.077,79 €
	TOTAL	18.673.278,15 €
Residencia		
Estado de Ingresos		
Cap. 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.820.182,73 €
Cap. 8	Activos financeiros	87.088,95 €
	TOTAL	1.907.271,68 €
Estado de Gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	1.425.348,62 €
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	467.446,98 €
Cap. 3	Gastos financeiros	2.000,00 €
Cap. 5	Fondo de continxencia e ouros imprevistos	1.586,08 €
Cap. 6	Investimentos reais	10.890,00 €
	TOTAL	1.907.271,68 €

Sarria, 4 de setembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2645

TRIACASTELA

Anuncio

M. Olga Iglesias Fontal, Alcaldesa do Concello de Triacastela, no exercicio das competencias que me atribue o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

De conformidade có disposto no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, corresponde ao Pleno dos Concellos a elección do Xuíz de Paz substituto. O nomeamento do Xuíz de Paz substituto terá unha vixencia de catro anos.

En tanto o período de vixencia do nomeamento está próximo a vencer, procede iniciar novamente o procedemento tendente á selección de Xuíz de Paz substituto.

A tal fin, ábrese o prazo de quince días naturais, a contar dende o día seguinte da publicación do edicto no BOP, durante os cales calquera persoa interesada poderá presentar perante o Rexistro Xeral do Concello a súa candidatura ao posto de Xuíz de Paz substituto, acompañada de certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI, certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o punto 1.a) do artigo 2 da Lei 68/80, declaración xurada de non estar incapacitado para o exercicio de Xuíz de Paz substituto, xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

Os candidatos deberán ter a nacionalidade española, seren maiores de idade, non acadar a idade legal e xubilación forzosa e non atoparse incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que establece o artigo 303 da lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial.

Triacastela, 4 de setembro de 2024.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal

R. 2646